



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO 2º INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ZAMORRA
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2019/21
Informe	EOL_IN408A 2019/21_3

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 27/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1779101, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 02/08/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 06/09/2022 e número de rexistro 2022/1780042, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 02/08/2022.
- Con data 05/10/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 10/11/2022 e número de rexistro 2022/2236692, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 05/10/2022.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítense as seguintes

CONCLUSIÓNS:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ao informe previo desta dirección xeral, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, deberá presentar aclaración en relación aos valores respecto ao efecto de parpadeo de sombras solicitados no informe anterior.

Tendo en conta o anterior, procede a emisión dun **informe favorable condicionado** á presentación do anteriormente indicado, con carácter previo ao inicio das obras.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

A subdirectora xeral de Programas de
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Ines Mato Naveira

